



A CIG INFORMA

INFORME DO PLENO ORDINARIO DO COMITÉ DE PONTEVEDRA 12-NOVEMBRO-2010

PRÓRROGA DO CONVENIO

A CIG fixo entrega das sinaturas recollidas na provincia esixindo ASEMBLEAS DO COMITÉ para tratar a negociación da PRÓRROGA DO CONVENIO. Por fin conseguimos que o Comité convoque assembleas após a reunión da COMISIÓN DE NEGOCIACIÓN PERMANENTE convocada para o 18 de novembro.

A CIG propuxo a celebración DUN PLENO EXTRAORDINARIO o día posterior para valorar a situación DESPOIS DESA REUNIÓN, e para elaborar o calendario de assembleas. Esta proposta foi rexeitada co seguinte resultado:

A FAVOR: 4 (CIG)

EN CONTRA: 10 (6 CC.OO, 3 UGT e 1 CGT)

ABSTENCIÓNS: 1 (CGT)

Reiteramos a nosa posición ao respecto: **ESTAMOS CONTRA A PRÓRROGA DO CONVENIO PORQUE CONTÉN A NEGOCIACIÓN PERMANENTE, adicada ademáis a MODIFICAR SUSTANCIALMENTE O EMPREGO EN TELEFÓNICA TAL E CÓMO O COÑECEMOS ATA O DE AGORA,** consistente en:

- Estrutura salarial consolidada
- Funcións definidas por categoría laboral
- Ordeación do tempo de traballo
- Localidade de residencia
- Espectativa de completar a vida laboral na Telefónica

Reivindicamos a NEGOCIACIÓN DUN NOVO CONVENIO porque:

1. **O actual NON GARANTIZA NADA; todos os seus contidos están SOMETIDOS Á NEGOCIACIÓN PERMANENTE**, como o asunto da revisión salarial.
2. **Só a través dun novo Convenio PECHADO e coa PARTICIPACIÓN DE TODOS/AS poderemos enfrontar con garantías as PROPOSTAS DA EMPRESA e a situación económica xeral (Nova Reforma laboral incluída)**

FTTH

Entendemos que existe preocupación no centro de traballo de Asignación/Activación de Calvario ante a posibilidade de desenvolver as funcións e a actividade derivadas da IMPLANTACIÓN MASIVA desta nova tecnoloxía FTTH . Por iso, propuxemos ao pleno:

- **FACER ASEMBLEA COS COMPAÑEIROS/AS AFECTADOS/AS**
- **INSTAR Á EMPRESA A INFORMAR AO COMITÉ DO XEITO QUE TEN PREVISTO FACER ESTE DESPLIEGUE**, para o que propuxemos levalo á vindeira reunión da Comisión de Xestión do día 17.

A nosa proposta foi REXEITADA por outra que invirte a orde dos puntos que presentamos.

PLAN INDIVIDUAL DE FORMACIÓN

Informamos da problemática que se vén xerando ao redor desta cuestión. Queremos lembrar que **A PARTICIPACIÓN DOS/DAS TRABALLADORES/AS É VOLUNTARIA.**

Consideramos un DEREITO dos/das traballadores/as O ACCESO Á FORMACIÓN EN CONDICIÓNS DE IGUALDADE, que debe atender as súas necesidades en función da súa categoría laboral e do seu acoplamento.

Por último, valoramos os P.I.F. como un chanzo máis na implantación da INDIVIDUALIZACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS en Telefónica. Animamos aos/ás traballadores/as a comprobar a formación asignada e a comparala coa dos/das compañeiros/as para **RECLAMAR UNHA FORMACIÓN DE CALIDADE independentemente da súa participación nas entrevistas de avaliación**. Constatamos que nalgúns departamentos HAI DIFERENCIAS entre uns PIF con 60 horas e outros con 94; noutros casos non se lles comunicou ningunha acción formativa a outros compañeiros.